

boletín do ceesg

abril



assemblea xeral

Nº 26 | Abril de 2009 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

ASEMBLEA XERAL DO CEESG

ASEMBLEA: s. f. *Xuntanza de persoas reunidas para deliberar e tomar acordos.*

Este venres, 24 de abril no Museo Pedagóxico de Galicia (Santiago de Compostela), teremos a Asemblea Anual do CEESG, onde daremos conta do que se fixo e do que queremos facer.

Di Toni Puig, na súa páxina web que "*a vida é máis*". Claro que si. E nós continuamos contando a vida da profesión en acción, convidándovos a participar que sempre é máis. É obvio lembrarnos que é un dereito de todas as colexiadas e colexiados participar, pero tamén unha obriga para co avance da profesión, se realmente queremos que isto funcione, poñendo en práctica máis comunicación, máis cidadanía, máis ideas, máis aventuras, máis relación. Estamos en contacto, coñecémonos e podemos entendernos.

Estamos ao alcance de todas e todos os que queiran estar, e "*estar*" aporta unha atmosfera de profesión compartida onde todas e todos nos sentimos arroupadas/os polo calor e recollemento de profesionais que comparten algo en común. Somos educadoras/es sociais que cremos nos soños e no cambio, e por iso, estamos convencidas/os que sen soños e sen política non hai futuro; e desde o CEESG queremos implicar a colexiadas/os que traballan coa cidadanía desde a xenerosidade e o futuro, desde unha rede activa e ampla, reimaxinándonos para unha causa común que é a defensa e a posta en valor da Educación Social. Convidámonos / Convidámoste a formar parte activa do avance e a evolución do CEESG nesta próxima asemblea.

Por todo isto, máis por eses outros motivos propios de cada quen, agardámoste na Asemblea. Non faltes!

- **Lugar:** Salón de actos do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA). San Lázaro, 107 (Santiago de Compostela)
- **Data:** 24 de abril de 2009.
- **Hora de comezo:** 17:30 h. en primeira convocatoria. 18:00 h. en segunda.
- **Hora de finalización:** 20:00 h.
- **Orde do día:**
 1. Aprobación da acta anterior.
 2. Aprobación das memorias de actuacións das Áreas de traballo do CEESG e da memoria económica, concernentes ao exercicio 2008.
 3. Aprobación dos Plans de Traballo 2009.
 4. Aprobación do Orzamento 2009.
 5. Propostas e preguntas.

Recordamos que en caso de non poder acudir, podes delegar o teu voto en calquera outra persoa colexiada asistente. Para isto, a persoa en quen delegues debe presentar unha copia do teu DNI ou carné colexial e a túa delegación de voto debidamente asinada.

Cada asistente pode levar como **máximo tres delegacións de voto.**



ACTUACIÓNS REALIZADAS

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">▫ Asistencia ao acto de toma de posesión de Alberto Núñez Feijoo como Presidente da Xunta de Galicia, que tivo lugar en Santiago o día 18 de abril. Asistiu Laura Cruz, Secretaria do CEESG.▫ Asistencia á Mesa Redonda "Redes Sociais: Facebook, Tuenti...: a cara oculta dos amigos dos meus fillos", que tivo lugar o día 20 de abril en Santiago, organizado pola Concellaría de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela. Asistiu Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.▫ Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria 2009 do CEESG o día 24 de abril no Museo Pedagóxico de Galicia (Santiago de Compostela) | <ul style="list-style-type: none">▫ Participación nunha xuntanza da ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), para formar parte dunha das comisións do programa "VERIFICA", da ANECA (Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad de la Educación), que se encargará de avaliar os títulos de grado en Educación Social. Tivo lugar o día 4 de abril en A Coruña. Asistiu María José Caride, Vogal do CEESG.▫ Asistencia o día 23 de Abril ao Acto Central da Semana da Acción Mundial pola Educación (SAME 2009), organizada pola Campaña Mundial pola Educación, na Facultade de Xeografía e Historia en Santiago de Compostela. Asiste Sofía Riveiro, Vogal do CEESG. |
|---|---|

ARTIGO DE INTERESE: **Mobiliario do CEESG dispoñible para persoas colexiadas**

Como sabedes todas e todos as/os que algunha vez vos achegastes á nosa oficina, as instalacións actuais son moi antigas, non teñen acceso adaptado para persoas con discapacidade e atópanse nun estado bastante deficiente.

Por fin, tras moito tempo de procura, o CEESG terá pronto unha nova sede situada no barrio das Fontiñas (Santiago de Compostela). Trátase dun baixo que encaixa nas condicións económicas que a entidade pode asumir e que conta coas características técnicas e o espazo mínimo que precisamos.

Axiña comezarán as obras para adaptar a nova sede aos requirimentos legais e ás nosas necesidades. Na remodelación do local, e para poder aproveitar ao máximo o espazo dispoñible, dado que é a metade do que dispoñemos actualmente, o mobiliario será tipo kit, adaptado. Isto supón ter que buscar un destino aos mobles actuais (moitos deles en moi bo estado). Por este motivo, queremos poñer ese mobiliario de oficina a disposición de todas e todos as/os colexiadas e colexiados que poidan estar interesadas en adquirilo a través de poxa.

Na páxina web (sección Avisos) podedes ver un documento con fotografías dos mobles que están dispoñibles.

PROCEDIMENTO PARA REALIZAR AS POXAS:

- Poderán realizarse poxas ata o día **31 de maio** de 2009 (incluído).
- As persoas interesadas deben estimar o diñeiro que pagarían polo obxecto e participar no **foro** do portal web www.colexioeducadores.com, contestando ao tema "*poxa de mobles*".
- Deberase **indicar no título da mensaxe o nº de referencia** do moble polo que se está interesada/o e **o prezo** que se propón.
- Se alguén está disposto a subir ese prezo pode facelo, enviando unha nova mensaxe, indicando o nº de referencia e o novo prezo.
- A persoa que poña un prezo máis alto é quen o levará.
- Cando finalice o prazo de poxas, actualizaremos o documento indicando o prezo final e a persoa beneficiaria quen deberá remitirnos un *escrito de compromiso de recollida e pago do moble*, no momento de efectuar o traslado da nosa entidade á nova sede.

NOTAS:

- A desmontaxe e recollida do material realizarase nas datas e horarios que se indiquen (haberá varios días para facelo, pero de momento non temos datas previsibles)
- O pago realizarase en efectivo no momento da recollida dos materiais.
- A desmontaxe dos mobles correrá por conta do beneficiario.
- Non se admitirán devolucións.
- Non se emitirán facturas.
- Non se admitirán reclamacións polo mal estado dalgúns materiais. Na descrición de cada material xa se advirte desa circunstancia.

Non descartamos outras opcións para este mobiliario, polo que se coñeces algunha entidade á que poida serlle útil non dubidedes en contactar co colexio para a súa posible doazón.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

CURSOS DE INTERVENCIÓN PSICOSOCIAL

Organiza: Eccca.

Datas: Entre maio e xullo de 2009.

Prezos:

- Mediador/a inserción laboral (170 h.): 115 €. Colex.: 99 €
- Avaliación do maltrato infantil (10 h.): 115 €. Colex.: 99 €
- Deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos sociais (100 h.): 101 €. Colex.: 85 €

**PROMOCIÓN
VÁLIDA
ATA O
11 DE MAIO**

Información e inscricións:

Eccca Andalucía.

www.eccandalucia.org

info@eccandalucia.org

Tlf. 954546260

**CON DESCONTO
PARA PERSOAS
COLEXIADAS**

PSICOLOXÍA POSITIVA CON RISOTERAPIA (100 h.)

Organiza: Instituto Mediterráneo de Risoterapia.

Lugar: La Marina, Elx (Alicante).

Datas: Do 17 ao 30 de agosto de 2009.

Prezo: Matrícula: 150€. Curso: 1200€. (Non inclúe aloxamento)

ÁS PERSOAS COLEXIADAS APLICARÁSELLES UN DESCONTO DO 10% SOBRE ESTE IMPORTE

Información:

Instituto Mediterráneo de Risoterapia.

www.risamediterranea.es / info@risamediterranea.es

Tlf. 965670698

**CON DESCONTO
PARA PERSOAS
COLEXIADAS**

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Miño (A Coruña): Bases que rexerán a convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de técnico sociocultural. BOP 16/04/2009

OUTROS

Ministerio de Administracións Públicas: Resolución pola que se modifica a de 30 de xaneiro de 2009, pola que se convoca a concesión de axudas de atención á dependencia. BOE 01/04/09

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se convocan axudas para actividades asistenciais e de atención do Programa de maiores e dependentes da Orde TAS/874/2007, de 28 de marzo. BOE 02/04/09

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se convocan as axudas do Programa de centros da Orde TAS/874/2007, de 28 de marzo. BOE 02/04/09

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se aproba a convocatoria de subvencións a proxectos de Escolas Obradoiro, Casas de Oficios e Obradoiros de Emprego, no ámbito exclusivo de xestión do citado Servizo de proxectos plurirrexionais. BOE 02/04/09

Consellería de Cultura e Deporte: Orde pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais. DOG 8/4/09

Consellería de Cultura e Deporte: Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades de promoción da lectura e a creación de clubs de lectura. DOG 8/4/09

Consellería de Cultura e Deporte: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais. DOG 8/4/09

Ministerio de Educación, Política Social e Deporte:

Resolución pola que se convocan axudas para a participación no programa de cooperación territorial Rutas científicas, durante o curso 2009/2010. BOE 11/04/09

Ministerio de Educación, Política Social e Deporte:

Orde pola que se convocan premios a materiais educativos en soporte electrónico que poidan ser utilizados e difundidos en Internet. BOE 15/04/09

Ministerio de Educación, Política Social e Deporte:

Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións para actuacións de turismo e termalismo para persoas con discapacidade. BOE 15/04/09

Deputación Provincial de Lugo: Bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas a gastos correntes das actividades culturais realizadas por concellos da provincia de Lugo. BOP 15/04/09 e 21/04/09

Deputación Provincial de Lugo: Bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por concellos da provincia de Lugo. BOP 15/04/09 e 21/04/09.

Ministerio de Traballo e Inmigración: Orde pola que se regula a concesión de subvencións a actividades de promoción da economía social, da responsabilidade social das empresas e do traballo autónomo, e para sufragar os gastos de funcionamento das asociacións de cooperativas, de sociedades laborais, de empresas de inserción, de traballadores autónomos e outros entes representativos da economía social de ámbito estatal. BOE 20/04/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais. DOG 21/04/09